

## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 24 de outubro de 2018

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 24/10/2018
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 24/10/2018
- III. Asignación de equipamento a laboratorios
- IV. Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola
  - IT02-PA07. Ficha de solicitude de recurso material
  - R2-DO-0203P1. Informe final de avaliación do PAT do 2017/18
  - R3-MC02-P1. Informe de QSP 2017/18
  - R4-DO-0201-P1. Control e seguimento da docencia 2017/18
  - R1-DO-0202. Plan de Promoción do centro 2018/19

Ábrese a sesión ás 13 horas e 05 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátase o seguinte punto da orde do día:

### 1. Constitución da Xunta de Escola para o curso 2018/2019.

A Directora dá a benvida ás persoas que se incorporan á Xunta de Escola para o curso 2018/2019:

Sector PDI:

- José Bienvenido Díez Ferrer
- José Benito Vázquez Dorrió

Así mesmo, agradece a súa participación na Xunta de Escola ás persoas que causan baixa:

Sector PDI

- Javier Arzúa Touriño
- Higinio González Jorge
- Gonzalo Benito Méndez Martínez

- Edelmiro Míguez García
- Carlos Villaverde Taboada

#### Sector Estudiantado

- Andrés Iglesias Canabal
- Mariola Juncal Rosales
- Miguel Millara Crispín
- Yelco Rodríguez Méndez

## 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 24 de xullo de 2018.

Envíouse por correo electrónico o borrador da acta, xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

Unha vez aprobada será publicada na web do centro, na sección de Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola:

<http://minasyenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 24 de xullo de 2018.

## 3. Informe da Directora

### 3.1. Actividades de representación e reunións de traballo

- 27 de xullo. Reunión da Directora co Director da EEI onde se abordou, entre outras cuestións, a situación relativa ao acceso dos graduados e graduadas do Grao en Enxeñaría da Enerxía ao Máster en Enxeñaría Industrial, acordándose manter a comunicación entre os centros.
- 31 de xullo. Asistencia de María Araújo, en representación do centro, á reunión convocada pola Asociación de Enxeñeiros Industriais de Galicia, para coordinar a participación do centro na Xornada “Enxeñaría e Muller”.
- 1 de setembro. Asistencia da Directora ao evento organizado polo persoal de Mina Touro.
- 14 de setembro. A empresa Mina Touro doou ao centro, con fins educativos, o material dunha sondaxe de perforación. A entrega formal realizouse o 14 de setembro en presenza de representantes da empresa e da Cámara Mineira.

- 25 de setembro. Asistencia de David Patiño e a Directora á reunión convocada polo Servizo de PRL da Universidade. Procedeuse a revisar e actualizar o Plan de Autoprotección o que supón levar a cabo unha serie de accións, das que se irá informando aos responsables da súa coordinación e execución. Desde o SPRL informouse da posibilidade de ofertar formación en materia de PRL no primeiro trimestre de 2019 e da organización dun simulacro o 2019.
- 26 de setembro. Asistencia do Subdirector de Infraestruturas David Patiño e a Directora Elena Alonso á reunión convocada polo Vicerreitorado de Planificación en relación á convocatoria de bolsas de aulas informáticas. Trasládouse aos centros a necesidade de garantir a formación en todas as bolsas con este fin. Expúxose aos centros a posibilidade de substituír algunha das solicitudes de bolsas de aulas informáticas por bolsas de sistemas informáticos. A emE, despois de valorar diferentes opcións, optou por manter a solicitude de cursos anteriores: 2 bolsas de sistemas informáticos de 15 h/semana de sistemas informáticos, 1 bolsa de 20 horas/semana de sistemas informáticos e 1 bolsa de divulgación científica con dotación propia do centro.
- 28 de setembro. Reunión co Director de ARIGAL, para organizar a participación e colaboración do centro no V Congreso Nacional de Áridos, que se celebra en Santiago de Compostela os días 24 e 25 de outubro. Colaboran 4 estudantes do Mestrado en Enxeñaría de Minas na organización do Congreso, cubrindo o centro os gastos asociados á asistencia ao mesmo.
- 4 de outubro. Asistencia do Subdirector Iago Pozo e a Directora Elena Alonso á reunión convocada pola Vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria á que asistiu tamén a Directora da área de Captación de Alumnado. Informouse sobre todas as actividades de captación que desenvolve habitualmente o centro.
- 5 de outubro. Asistencia da Secretaria Ángeles Saavedra á reunión convocada pola Área de Calidade, onde se informou sobre os seguintes puntos relativos ao programa DOCENTIA:
  - A segunda convocatoria quinquenal (voluntaria) está prevista para finais deste ano 2018.
  - Estase revisando o manual de DOCENTIA.
  - No primeiro trimestre do presente curso está previsto publicar os resultados da convocatoria anual (obrigatoria) correspondente ao curso 2016-17.
- 18 de outubro. Reunión da Directora co Director da Cámara Mineira, para valorar a posibilidade de que a Cámara dote algún premio de TFG/ TFM relacionado co ámbito da minería. Tamén se valora organizar conxuntamente un Ciclo de Conferencias de Recuperación de Espazos Mineiros. Acordouse coa Cámara Mineira que esta entidade financie a dotación dalgún dos Premios que convoca o centro.

- 19 de outubro: Asistencia da Directora á reunión da Rede de Directores e Directoras das Escolas de Enxeñaría de Minas e Enerxía de España.
- 24 de outubro. Asistencia da Directora á Feira Internacional Virtual de Emprego (FINDEU)
- Reunión con Delegación de Alumnado (6 de setembro e 22 de outubro) e co Club de Deporte (19 de setembro) para organizar e coordinar actividades de celebración de Santa Bárbara.

A Directora agradece a todas as persoas involucradas nestas actividades a súa participación, especialmente aos membros do equipo directivo do centro.

## 3.2. Desenvolvemento das titulacións

### 3.2.1. Comisión para a difusión de titulacións do centro

Completouse a composición do Grupo de Traballo, integrado por profesorado e investigadores/as do centro, incorporándose ao devandito grupo o profesor Benito Vázquez Dorrió (Física Aplicada) e representación de Delegación de alumnado.

Neste período a Comisión reuniuse o 26 de setembro e empezou a organizar as actividades relativas ao Taller de Minerais participación en Feiras de Minerais, Mineral Tales, Charlas monográficas e charlas divulgativas da titulación, así como a organización para recibir a institutos no centro e a montaxe e dotación de contidos da aula de TecnoCiencia. Agradécese o traballo que está a desenvolver a Comisión.

### 3.2.2. Recoñecemento de créditos para estudos de Ciclos Formativos Superiores de FP

A petición do Vicerreitorado de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, confirmouse a táboa de recoñecementos para Ciclos Formativos Superiores de FP.

### 3.2.3. Mestrado Universitario en Enxeñaría de Minas

Recibiuse o 3 de setembro o Informe Final de Acreditación do MUEM, cambiándose a valoración do epígrafe “Organización e Desenvolvemento”, de “C” a “B”.

### 3.2.4. Acreditación institucional

Tras o informe favorable de renovación da acreditación o centro cumpre os requisitos para solicitar a acreditación institucional, procedemento que iniciará a Área de Calidade.

### 3.2.5. Xornada de benvida a estudantes de Grao

O 7 de setembro celebrouse a Xornada de Benvida para o estudantado de novo ingreso nas titulacións de grao do centro, asistindo un total de 35 estudantes. Participaron no desenvolvemento desta xornada o equipo directivo e Elena González como coordinadora do Primeiro Curso, persoal do Club de Debate e Foro, Equipo de Rugby Feminino e Delegación de Alumnado, que acompañou aos estudantes nunha visita polo centro.

Posteriormente celebráronse outras actividades de benvida e información aos estudantes de novo ingreso: Centro de Linguas, Área de Benestar, Deporte e Saúde, Biblioteca, SIE.

O día 15 de outubro, unha vez pechada a matrícula de setembro, organizouse outro acto de benvida para os estudantado recentemente incorporado.

A Dirección agradece ás persoas involucradas nesta actividade a súa participación e a María Araújo polas actividades de organización e coordinación destes eventos.

### 3.2.6. Traballos Fin de Grao

En canto ás defensas de TFG, na convocatoria de outubro (fin de carreira) defendéronse 2 TFG no Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e 9 TFG no Grao en Enxeñaría da Enerxía.

### 3.2.7. Datos de matrícula

En canto aos datos relativos á matrícula, dispónse actualmente dos datos de matrícula unha vez pechados todos os prazos ordinarios.

- Máster en Xeoinformática: (UVIGO 4), (USC 2), (UDC 7)
- Máster en Enxeñaría de Minas: 5
- Grao ERME: 9
- Grao EE: 52

Pasouse un cuestionario ao obxecto de solicitar información sobre como coñeceron a titulación e que expectativas teñen da mesma, identificándose como primeira fonte de información familiares e amizades, polo que se intensificarán as actividades de divulgación da titulación para estes colectivos.

## 3.3. Actividades desenvoltas polos membros da Comunidade Universitaria

### 3.3.1. Delegación de Alumnado

A Delegación de Alumnado organizou o “Mes Cultural de Santa Bárbara”, que implica a impartición de 5 conferencias do 17 de outubro ao 19 de novembro. Impartiuse a primeira charla o 17 de outubro, cunha asistencia de 70 persoas ao devandito evento. Infórmase de que un ou dous días antes de cada charla enviarase desde o centro un comunicado lembrando a celebración de cada conferencia. Agradécese o traballo desenvolto por Delegación de Alumnado na organización deste evento.

### 3.3.2. Club Deportivo

O Club Deportivo de Minas e Enerxía organizou a celebración do “Torneo Minerxético”, celebrado os días 4 e 5 de outubro, evento deportivo no que participaron un total de 70 estudantes da Universidade de Vigo. Agradécese o traballo desenvolto polo Club Deportivo na organización deste evento.

### 3.3.3. Participación dun estudante do centro en Alpach Summer Scholl

O pasado mes de xullo Denis Barros Caballero, egresado do Mestrado en Enxeñaría de Minas, asistiu en Austria ao “Alpach Summer School: Sample return from small solar system body”. Trátase dunha escola de verán moi prestixiosa a nivel europeo, organizada pola “Aeronautics and Space Agency” da Austrian Research Promotion Agency ( FFG) e pola “European Space Agency” (ESA). Na actividade participaron un total de 62 estudante de toda Europa, dos cales 4 procedían de España, superando un proceso selectivo entre 180 estudantes procedentes de toda Europa.

### 3.3.4. Premio á mellor presentación póster en Congreso

O estudante de doutoramento do centro, Saki Gerassis, recibiu dentro do marco da súa investigación o premio á mellor presentación póster polo seu traballo “A saúde ocupacional das mulleres: Mellorando os protocolos médicos mediante a aplicación de solucións baseadas na Intelixencia Artificial” no congreso Intelligent Systems, celebrado en Londres os días 6 e 7 de setembro. Saki Gerassis continuará a súa actividade investigadora e profesional como bolseiro predoctoral no Banco Central Europeo incorporándose, a partir do 1 de outubro, á Dirección Xeral de Supervisión Bancaria.

### 3.3.5. Premio no Certame “Ciencia en Acción 2018”

A Directora informa da Concesión do Primeiro Premio no Certame “Ciencia en Acción 2018” ao profesor Benito Vázquez. A concesión deste galardón supón entrar directamente na final de “Science on Stage”, un concurso internacional do ámbito STEM -Science, Technology, Engineering, Maths-. O traballo trata sobre o emprego de pompas de xabón para introducir de forma moi atractiva a todo o público conceptos físicos relacionados coa luz: reflexión, refracción e interferencias, así como o funcionamento básico do ollo humano

## 3.4. Actividades desenvolvidas no centro

### 3.4.1. Curso de ACLUXEGA

Os días 5 e 6 de outubro realizouse, nas instalacións do centro, o “Curso de Iniciación ás instalacións xeotérmicas de climatización con BC” (15 h) organizado por ACLUXEGA, coa participación de 50 asistentes.

### 3.4.2. Taller en colaboración con SERGAS de Reanimación Cardio Pulmonar

Celebrado o día 16 de outubro nas instalacións do centro. Impartido por persoal do SERGAS e coordinado na UVigo pola área de Infraestruturas e PRL. Asistiron un total de 5 persoas.

### 3.5. Información de procedementos administrativos e/ou académicos

#### 3.5.1. Sobre a realización das Prácticas Erasmus+Prácticas

Infórmase ó persoal integrante da XE, en resposta a un rogo presentado polo estudiantado na XE celebrada o 24 de xullo de 2018, relativo ao procedemento de realización de Prácticas Erasmus+. Infórmase de que a normativa da Universidade de Vigo contempla que, cando se concede a bolsa Erasmus+Prácticas, debe indicarse se se computará, a efectos académicos na Universidade de Vigo como prácticas externas curriculares ou non curriculares.

#### 3.5.2. Probas HELA

O 1 de agosto recibíuse un comunicación do Vicerreitorado de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, solicitando a información relativa ao profesorado que desexa presentarse ás probas HELA do curso 2018/19. Poderán presentarse ás probas calquera docente en cuxo centro impártase xa docencia en inglés ou teña previsto impartirse no vindeiro curso 2019/20 e son os decanatos/direccións de centro os que remitirán á Vicerreitoría a listaxe cos datos de contacto (teléfono e enderezo de correo electrónico) do profesorado interesado en presentarse. Desde o Centro de Linguas contactarán con eles/elas para explicarlles os pormenores das probas.

As probas celebraranse en Vigo nas seguintes datas:

- 1ª convocatoria: 6 e 7 de novembro de 2018 (e 8 de novembro non caso de haber moitas solicitudes).
- 2ª convocatoria: 12 e 14 de marzo de 2019 (e 15 de marzo non caso de haber moitas solicitudes).
- 3ª convocatoria: 23 e 25 de abril de 2019.

Infórmase de que a data límite para remitir ao centro (eme.negociado@uvigo.es), o interese por participar na devandita proba:

- Para as persoas interesadas en participar na 1ª convocatoria: 25 de outubro
- Para as persoas interesadas en participar na 2ª convocatoria anunciarase a data de solicitude no seu momento.

#### 3.5.3. Bolsas de formación. Sistemas informáticos

Publicouse a 2ª convocatoria de bolsas de formación de sistemas informáticos, finalizando o prazo de presentación de solicitudes ou 30 de outubro.

<https://www.uvigo.gal/es/estudar/xestions-estudiantes/bolsas/bolsas-formacion>

Infórmase ao profesorado de que durante un mes non haberá persoal bolseiro de sistemas informáticos nin das aulas de informática.

### **3.5.4. Bolsa de formación en Divulgación Científica na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, 2018/19**

Finalizou o proceso de adxudicación da bolsa, sendo seleccionada Lucía Neto Pazos, quen xa se incorporou como bolseira de Divulgación Científica do centro baixo a titorización do Subdirector Iago Pozo.

### **3.5.5. Eleccións postos vacantes na Xunta de Escola**

Habilitouse o calendario electoral para cubrir postos vacantes no sector alumnado, PDI-B e PAS na Xunta de Escola. Con data 23 de outubro publicouse o listaxe provisional de candidaturas admitidas. Dado que o número de candidaturas é inferior ao número de postos vacantes, e salvo imprevisto, incorporaranse como membros da Xunta de Escola:

- Sector PDI-B
  - Ana Ogando Martínez
  - Lucía Díaz Vilariño
- Sector Estudantado
  - Laura Andrés Herguedas
  - Marta María Caride Pérez
  - Daniel Pernas Rodríguez
  - Víctor Rodríguez Nistal
- Sector PAS
  - Sen candidatos/as

### **3.5.6. Asignación de despachos a profesorado**

Habilitouse o procedemento de asignación de espazo a profesorado para atender titorías (do 13 ao 20 de setembro). Recibíronse tres solicitudes e atendéronse as tres.

### **3.5.7. Convenios Erasmus+**

Asinouse un convenio Erasmus+ coa Universidade técnica Gheorghe Asachi de Iasi, Romanía. O contrato establece un intercambio de dous estudantes por cada universidade e dun/dunha docente.

## **4. Aprobación, se procede, da asignación de equipamento a laboratorios docentes para o curso académico 2018-2019.**

A Directora presenta a proposta de asignación de equipamento a laboratorios (Anexo III). A asignación presentada foi previamente aprobada pola Comisión de Garantía Interna de Calidade na súa reunión ordinaria celebrada o pasado dezaioito de outubro. A continuación, o Subdirector de Infraestruturas e Asuntos Económicos informa que, debido a que hai orzamento suficiente, as solicitudes serán financiadas ao 100%

A Xunta de Escola aproba por asentimento a asignación de equipamento a laboratorios docentes para o curso académico 2018-2019.



**5. Nomeamento, se procede, do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.**

A Directora solicita voluntarios/as que desexen formar parte do tribunal. Ao non haber voluntarios/as, preséntase a proposta da dirección:

- ✓ Directora da emE, dona Elena Alonso
- ✓ A coordinadora do grao en ERME, dona María Araújo
- ✓ O coordinador do grao en EE, don David Patiño

A Xunta de Escola aproba por asentimento o nomeamento do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.

**6. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.**

Toda a documentación presentada neste punto da orde do día (Anexo IV) foi previamente aprobada pola Comisión de Garantía Interna de Calidade na súa reunión ordinaria celebrada o pasado dezaioito de outubro.

- IT02-PA07. Ficha de solicitude de recurso material. Correspóndese coa asignación de equipamento a laboratorios docentes para o curso académico 2018-19. Como se especificou no punto catro da presente Xunta de Escola, todas as solicitudes poderán ser atendidas por haber orzamento suficiente para satisfacelas.
- R2-DO-0203P1. Informe final de avaliación do PAT do 2017/18. Neste rexistro recóllense os seguintes apartados: as actividades de orientación (informativas e formativas) do centro, informe do MEET-Minas, informe do PAT dos graos en ERME e EE, informe do PAT do Mestrado en Enxeñaría de Minas e informe do PAT do Mestrado en Xecoinformática.
- R3-MC02-P1. Informe de QSP 2017/18. O informe de queixas, suxestións e parabéns recolle as QSP relacionadas coa Escola. Ao longo do curso 2017-18 presentáronse 17 QSP. Todas foron aceptadas e atendidas.
- R4-DO-0201-P1. Control e seguimento da docencia 2017/18. Este rexistro recolle as incidencias docentes que tiveron lugar no curso 2017-18. A Directora fai un resumo das incidencias acaecidas durante o curso. Todo o profesorado involucrado foi informado e, esgotado o período de reclamación, corresponde agora pechar o rexistro que recolle as incidencias non xustificadas.
- R1-DO-0202. Plan de Promoción do centro 2018/19. Este rexistro é un resumo das actividades de promoción realizadas durante o curso 2017-18, así como as previstas para o presente curso 2018-19.

A Directora agradece a participación de todas as persoas integrantes das distintas comisións que contribuíron nas actividades aquí mencionadas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

## 7. Rogos e preguntas.

O profesor don Eduardo Liz comenta que a temperatura rexistrada nas aulas durante o mes de setembro foi moi elevada. Suxire que as aulas se equipen cun termómetro para así recoller a temperatura, cancelar as clases cando esta sexa moi elevada e enviar unha incidencia a Xerencia.

As profesoras Carmen Pérez e Ángeles Domínguez informan de que os seus grupos de prácticas están descompensados. Hai grupos de 3 persoas e outros de 20. A Xefa de Estudos, dona María Arátujo, contesta que isto débese en parte á incorporación dos grupos con docencia en inglés nas materias de segundo curso. Terase en conta para o próximo curso facendo dous listados independentes, un para grupos en inglés e outro para a docencia en castelá/galego.

O alumno Santiago Domínguez, en representación da Delegación de Alumnado, pregunta cando poderase liberar espazo na Delegación de Alumnado ocupado coa antiga colección de minerais. A Directora contesta que o centro está pendente de se poda facer unha inauguración oficial que seguramente terá lugar proximamente, por Santa Bárbara.

Don Ignacio Pérez Rey solicita que o emprazamento da colección de minerais do hall non supoña un impedimento para a celebración das futuras edicións do Foro Tecnolóxico.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 55 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e catro de outubro de dous mil dezaioito.

Vº e Prace

A Directora

A Secretaria

Elena Alonso

Ángeles Saavedra González

## **ANEXO I**

**Convocatoria de Xunta de Escola do 24/10/2018**

## **ANEXO II**

**Asistentes á Xunta de Escola do 24/10/2018**

## **ANEXO III**

### **Asignación de equipamento a laboratorios**

## **ANEXO IV**

### **Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola**

- IT02-PA07. Ficha de solicitude de recurso material
- R2-DO-0203P1. Informe final de avaliación do PAT do 2017/18
  - R3-MC02-P1. Informe de QSP 2017/18
- R4-DO-0201-P1. Control e seguimento da docencia 2017/18
  - R1-DO-0202. Plan de Promoción do centro 2018/19